

Os vellos non deben de namorarse

O pranto na escena final tamén figura no teatro de Otero (*Vid. "O pazo"* en *Teatro de máscaras*). É constitutivo dunha das manifestacións rituais más arraigadas na cultura popular.

Alfonso R. Cidvela

ESCEA VII

Óllase unha parede con dúas fiestras pechadas, máis alá dun valado que impide ver a rúa que se supón máis baixa. Estamos no intre en que se celebra o entierro do boticario, e da rúa xurden marmurios de molta xente. Abrense as fiestras e aparecen as catro irmáns do boticario, dous en cada fiestra, a facer o pranto⁵.

IRMÁN 1^a

¡Alá se vai o noso capitán! ¡O capitán do noso navío!

IRMÁN 2^a

¡Alá se vai o noso letreiro! ¡A gala das nosas romerías!

IRMÁN 3^a

¡Alá se vai o noso patriarcal! ¡O santo das nosas devocións!

IRMÁN 4^a

¡Alá se vai a nosa fachenda! ¡A meniña dos nosos ollos!

TODAS

¡Ai, Saturio! ¡Saturio! ¡Saturio!!

Unha banda de música rompe a tocar unha marcha fúnebre e pasan os ciriales e a cruz parroquial sobrepassando o valado.

IRMÁN 1^a

¡E levas música porque morreches solteiro!

IRMÁN 2^a

¡E levas música coma os anxeliños!

IRMÁN 3^a

¡E levas música porque xa estás no Ceo!

IRMÁN 4^a

¡E levas música porque tamén ti eras músico!

TODAS

¡Ai, Saturio! ¡Saturio! ¡Saturio!!

IRMÁN 1^a

¡Morreu o estudiante aventaxado!

IRMÁN 2^a

¡Morreu o bachiller con matrículas de honor!

IRMÁN 3^a

¡Morreu o licenciado en Farmacia!

IRMÁN 4^a

¡Morreu don Saturio, a cencia dos boticarios!

TODAS

¡Ai, Saturio! ¡Saturio! ¡Saturio!!

IRMÁN 1^a

¿Quen che roubou a fala?

IRMÁN 2^a

¿Quen che parou o corazón?

IRMÁN 3^a

¿Quen che zugou a vida?

IRMÁN 4^a

¿Quen che matou, irmanciño querido?
TODAS

¡Ai, Saturio! ¡Saturio! ¡Saturio!!

IRMÁN 1^a

¡E vaste sen dares unha queixa!

IRMÁN 2^a

¡E vaste sen pedires médicos!

IRMÁN 3^a

¡E vaste sen dares aviso da túa morte!

IRMÁN 4^a

¡E vaste sen despedirte de nós!

TODAS

¡Ai, Saturio! ¡Saturio! ¡Saturio!!

IRMÁN 1^a

¡Xa onte non falabas nin rías!

IRMÁN 2^a

¡Xa onte levabas a terra nos ollos!

IRMÁN 3^a

¡Xa onte non comeches de modo!

IRMÁN 4^a

¡Xa onte non tocaches a guitarra!

TODAS

¡Ai, Saturio! ¡Saturio! ¡Saturio!!

Os vellos non deben de namorarse

Alfonso R. Castelao

IRMÁN 1^a

¡Dille á morte que nos veña buscar, compaño dos
nosos días!

IRMÁN 2^a

¡Dille á terra que nos veña comer, almiña de Deus!

IRMÁN 3^a

¡Lévanos deste mundo, estreliña da nosa noite!

IRMÁN 4^a

¡Vainos facendo catro sitios á beira do Noso Señor!

TODAS

¡Ai, Saturio! ¡Saturio! ¡¡Saturio!!

IRMÁN 1^a

¡Velaí vai a caixa dos nosos corazóns!

IRMÁN 2^a

¡Velaí vai o noso amor verdadeiro!

IRMÁN 3^a

¡Velaí vai a nosa vida!

IRMÁN 4^a

¡Velaí vai a nosa morte!

TODAS

¡Ai, Saturio! ¡Saturio! ¡¡Saturio!!

*A música vaise alonxando. As irmáns do boticario a
penas teñen folgos para choraren enronquecidas.*

IRMÁN 1^a

¡Adeus para sempre, quentura do noso inverno!

IRMÁN 2^a

¡Adeus para sempre, puntal da nosa vellez!

Alfonso R. Castelao

Os vellos non deben de namorarse

IRMÁN 3^a

¡Adeus para sempre, pan e viño da nosa mesa!

IRMÁN 4^a

¡Adeus para sempre, botica dos nosos pesares!

*As catro irmáns do boticario fican esmorecidas no
peitoril das fiestras, saloucando as derradeiras verbas de
despedida.*

TODAS

En desorde.

¡Adeus, irmán! ¡Saturio! ¡Saturio! ¡Adeus para sempre!
¡Irmanciño querido! ¡Adeus! ¡Adeus...!

A música xa está lonxe.

Cai o pano.

O guión de A lingua das bolboretas

ESCOLA-AULA

Os repaces nos pupitres, berran, tiranse pelotas de papel, pelexan.

BARULLO

Abrese a porta e aparece don Gregorio con Moncho, que esta vez non carga co inhalador. Ao neno asústao o alboroto. O mestre dá dous palmas e inmediatamente faiuse un absoluto.

SILENCIO

Xa na tarima, don Gregorio dirixese aos seus alumnos.

DON GREGORIO: Hoxe temos un novo compañeiro. O cal é unha alegria para todos, e ímolo recibir cun aplauso.

Aplauden el.

APLAUDEN OS NENOS

Don Gregorio, mentres soan os aplausos, leva o confundido Moncho ata o seu asento e invítalo a sentar nel. Despois vólvese cara aos pupitres.

DON GREGORIO: Moi ben... hoxe imos comezar cun poema. A quen lle toca?... Moi ben, Romualdo. Que val ler?


Romualdo deixa o pupitre e dirixese á tarima cun libro nas mans; ten as pernas longas e morenas e os xeonilos cheos de feridas; os pantalóns curtos quedáñlle rídiculos.

DON GREGORIO: Unha poesía, señor.

DON GREGORIO: Xa, pero como se titula?

ROMUALDO: «Recuerdo infantil», de don Antonio Machado.

DON GREGORIO: Ah, moi ben, empece, e xa sabe, amodíño e en voz alta. Repare ben na puntuación.



25 Romualdo carraspica como un fumador e le cunha voz incríbel, espléndida, do locutor radiofónico:

ROMUALDO:
«Uma tarde parda y fría
de inverno. Los colegiales
estudian. Monotonía
de lluvia tras los cristales.
Es la clase. En un cartel
se representa a Cain,
fugitivo, y muerto Abel,
junto a una mancha carmín...»

Moncho escútalo extasiado.

DON GREGORIO: Que significa «monotonía de lluvia», Romualdo?

ROMUALDO: Que chove despois de chover, don Gregorio.

DON GREGORIO: Moi ben. Agora imos ao ditado...

40 Abrese a porta sen que ningún tivese petado. No limiar, don Avelino, o cacique local, que fuma un cigarro.

DON AVELINO: Bos días.

Ao mestre moléstalle a interrupción, pero invítalo a pasar:

DON GREGORIO: Adiante, adiante. Como está?

45 DON AVELINO (Seco): Eu, ben. Pero ao rapaz vécoc mai.

Refirese a Xosé María, no que pousan as miradas do pai e do mestre.

DON GREGORIO: Non entendo.

DON AVELINO: Onte púxolle un problema de contas, ou sexa de gando, e non deu pé con bola.

50 DON GREGORIO: Ben... Si... É ben certo que debería esforzarse un pouco máis, pero...

Cabecea, convencido:

DON AVELINO: Ferro, señor mestre, ferro... (Fai un xesto cara a fóra e segue). Hai que lle meter na cabeza as contas sexa como sexa.

55 Obedecendo ao seu xesto, entra a criada que recollícu a bicicleta e que agora trae dous capóns collidos polas patas.

DON AVELINO: Dállos ao señor mestre.

DON GREGORIO: Non, non... De ningunha maneira...

Enfadouse o cacique:

60 DON AVELINO: E logo, vaimos desprezar?

DON GREGORIO: Don Avelino, por favor... Non é a miña intención...

Prepotente, o cacique fai outro xesto cara á rapaza, que deixa os capóns na mesa, diante dos ollos de Moncho, sentado áinda na cadeira do mestre.

65 DON AVELINO (Polos capóns): Xa verá que enxunlla teñen. (Vai cara á porta). Queda dito: esmératese co cativo, que non lle ha pesar. E que... *Deus*

Empuxa á criada c sac tras dela, pochando a porta. O mestre non tivo ocasión de reaccionar. Desconcertado, volvi a mirada da porta aos capóns e dos capóns a Xosé María. E decide.

70 DON GREGORIO: Colla estes capóns.

O rapaz levántase, vai á mesa, colle os capóns. Todo diante da expectación dos seus compañeiros.

XOSÉ MARÍA: E que lle fago?

DON GREGORIO: Déixeo debaixo do pupitre. E despois devólvallos ao seu pai.

XOSÉ MARÍA: Ben. Pero vaise enfadar. Seguro que me bate.

O rapaz puxo ao mestre nun apuro.

DON GREGORIO: Vaia por Deus... (E sac do apuro). Pois daquela... Non sei... Dígalle que o médico me prohibiu comer carne... Carne de volátiles, querer decir. (Atopa moi plausible o argumento. E insiste). Si, iso mesmo, digalle iso.

Mentres Xosé María vole ao pupitre cos capóns, don Gregorio fai unha pausa, e cando o rapaz xa está no seu posto, retoma a clase:

75 DON GREGORIO: E falando de volátiles, díganme: Se un gallo pon un ovo na fronteira entre España e Francia, a que país pertence o ovo?

UN RAPAZ: A España!

DON GREGORIO: Por que a España?

UN RAPAZ: Porque temos más «huevos»!

RISOTADA

80 90 O mestre volve a mirada para Moncho, que ten levantada a man.

DON GREGORIO: Vostede que dí?

MONCHO (timidamente): Os galos non poñen ovos.

DON GREGORIO: Moi ben, Moncho. Esa é a resposta correcta.

Coa mirada búscalte un posto nos pupitres. Decídese polo de Roque, no que 95 hai unha praza libre.

Sente aquí con Roque. Romualdo, pode seguir co ditado.

Moncho senta onde lle ordenaron, mentres, a un xesto do mestre, Romualdo comezou a ditar:

ROMUALDO: «Una tarde... parda... y fría». Pasamos a outra liña.

100 Os alumnos escriben nos seus cadernos. Moncho mira a Roque de esguello. Roque dálle un agarimoso golpe co cóbado e murmura ao seu oido:

ROQUE: Eu, o primeiro día que vin á escola, caguei por min.

ROMUALDO: «...de inverno». Punto y seguido. «Los colegiales». Cambiámos de liña.

105 Por primeira vez, Moncho ri claramente.



A LINGUA DAS BOLBORETAS

MANUEL RIVAS

CARMIÑAE: (Entrando.) ¡Manolitus! ¡Meu amado! (Corren un cabo do outro para abrazárense.)

MANOLITUS: ¡Carmiñae!, ¡Carmiñae!, ¡Carmiñae! ¡Por fin xuntos e sós! Estamos por fin xuntos e sós nesta natureza salvaxe, sen vixilancia, sós, co bosque como única testemuña.

CARMIÑAE: Si, sós, por fin sós.

MANOLITUS: Sós por fin, gracias ós deuses estámolo dous sós e illados do mundo.

CARMIÑAE: (Nun suspiro.) Sós, sós, sós.

MANOLITUS: (Suspirando asemade.) Sós.

CARMIÑAE: (Logo dunha pausa de ollares tenros.) E haberá que facer algo para non aburrirse, digo eu, ¿non?; como estamos tan sós...

MANOLITUS: Oes, pois tes razón. (Sentan collidos da man no toro da árbore e pensan un anaco en silencio.) ¡Xa sei o que podemos facer!

CARMIÑAE: ¿Que?

MANOLITUS: Eh... ben, nada.

CARMIÑAE: Non me sexas vergoñoso, dime o que era.

MANOLITUS: Non muller... era unha parvada... ademais non vas querer...

CARMIÑAE: (Mimoso.) Dime o que era, anda.

MANOLITUS: Ti o parchís non o trouxeches, ¿verda-de?

CARMIÑAE: (Deceptionada.) Non... ¿e se xogaramos ás prendas?

MANOLITUS: Ai, eu a iso non xogo que o outro día nunha orxía con este conto tocoume darlle un bico ó xeneral Tarquinius.

CARMIÑAE: Pero aquí non hai ningún xeneral...

MANOLITUS: Tamén tes razón. (Quedan os dous mirándose.) ¡Vale!, xogamos ás prendas; ¿valen bicos na boca?

CARMIÑAE: Non.

MANOLITUS: Daquela non ten chiste. (Calan os dous de novo un anaco.) Carmiñae...

CARMIÑAE: (Rápida.) ¿Que?

MANOLITUS: (Abre a boca para falar, non di nada e só despois contesta:) Nada. (Outro anaco de silencio.) Carmiñae...

CARMIÑAE: ¿Que?

MANOLITUS: Teño que dicirche unha cousa.

CARMIÑAE: Si.

MANOLITUS: Teño que che facer unha confesión.

CARMIÑAE: Encántanme as confesíons, conta, conta.

MANOLITUS: Xa hai tempo que sinto algo dentro do que non me atrevo a falarche.

CARMIÑAE: Xa che dixen que non foses vergoñoso.

MANOLITUS: É algo moi forte que me nace nas entrañas e que quere saír, que loita por saír.

CARMIÑAE: Dío sen medo.

MANOLITUS: Pero é que...

CARMIÑAE: ¡Dimo!

MANOLITUS: ¡Quero facer pis, me cago en Afrodita!

CARMIÑAE: Pois xa o farás; agora escucha que eu tamén teño...

MANOLITUS: (Interrompendo.) ¿Ganas de mexar?

CARMIÑAE: Non, teño algo que dicirche: estiven falando co meu pai do noso amor.

MANOLITUS: Por fin llo dixeche; ¿e que che contestou?

CARMIÑAE: (Lapidaria.) Palabrotas.

MANOLITUS: Eu case convencín á miña nai, pero áinda se opón tamén. Eles son vellos e non nos comprenden.

CARMIÑAE: Meu pai non quere que lle fale disto; cando o intento, el cambia de tema e cando insisto en que me escoste bota xuramentos, dá noxo oílo.

MANOLITUS: (Poñéndose en pé.) Carmiñae, adorada Carmiñae, ¿por que tantas dificultades ó noso amor?, ¿por que non poderemos amarnos libremente?

CARMIÑAE: (Erguéndose tamén.) ¿Por que nos amaremos tanto, Manolitus?

(Achéganse lentamente un ó outro mirándose ós ollos; vanse bicar pero asoma o SOLDADO 2.)

MANUEL NÚÑEZ SINGALA

O ACHADO DO CASTRO